

JOSIP MLAKIĆ

**Cando levanten as brétemas**

Traducido por Jairo Dorado Cadilla



Hugin e Munin

Polos cristais da ventá comezaron a esvarar pingas de choiva que deixaban tras de si un regueiro visible. Ao comezo, devagar e pouco e pouco, coma as moscas antes da choiva –achegándose unhas ás outras con lentitude, xuntándose e esvarando xuntas–, e despois máis e máis rápido. Jakov acordara esa mañá canso e pesado. Como hipnotizado, seguiu a viaxe das pingas polos cristais sucios e sentiu coma se as pesadas pingueiras lle esvarasen polo corpo, coma moscas detestables. Sentou na cama, apoiándose no cabezal, e acendeu un pito: o mellor xeito de quitar a pestilente amargura na boca dos cigarros fumados durante o día anterior é mediante o acendido dun novo cigarro.

Dera en chover con máis forza; ao desapareceren os regueiros, a ventá estaba agora emporcada e emborrallada. O aire estaba cargado de babuxa, e os barrotes na xanela perdían o seu contorno afiado: parecían torcidos e domeados. No exterior, o vento batía nunha bolsa de plástico enganchada nun contedor cheo de lixo. «Agora», pensou Jakov, «en algures alén dese cemento e lixo que o vento extrae do contedor cheo e espalla polo patio, cheira a po». A cinza do cigarro caía nas sabas, e o paquete de tabaco baleiro no que a botaba ficara, esquecido, na man esquerda.

—Bosníaco, como podes prender xa un de mañá cedo? —preguntoulle o home da cama do lado mentres fregaba os ollos.

—Oi, *sabah hajrola*<sup>2</sup>, Filip!

O home levaba un gorro de la na cabeza que, na cama, lle outorgaba un aire chistoso.

—Bo día! —díxolles a enfermeira, que naquel instante entraba pola porta, e Jakov non tivo tempo de facer a habitual chanza sobre o gorro do seu colega. Preguntáballe acotío se había moita xente na tenda cando o comprara.

A enfermeira era nova, bastante guapa, pero varuda de máis. Por ese motivo, Filip comentáballe a Jakov que cando a enfermeira chegase aos trinta ía estar «gorda coma unha vaca». Na fazula dereita tiña un lunar algo grande. Esa mañá, Jakov esquecera preguntarlle se era de verdade ou postizo, o que, polo xeral, facía cada mañá non ben ela entraba.

—Jakov, prégollo! Ben sabe que aquí non se pode fumar. E xa se lle fixo saber que o doutor Fušek é alérxico ao tabaco!

Jakov sorriu con ironía e de xeito cerimonial apagou o cigarro.

—Doutor Fušek... —dixo con retransa—. Vostede, enfermeira, parece que dorme e acorda con ese distinguido nome na boca.

A enfermeira fixo coma quen que non escoitara o comentario de Jakov.

—Espero que tomasen as pastillas... —apuntou.

—Home, non! —repetiu con ironía Jakov, rodeado da nube de fume que expirara e que non o abandonaba.

—Tomámolas —dixo Filip.

—Para hoxe temos algo novo —dixo a enfermeira mentres mostraba uns cadernos e uns bolígrafos—. Pero xa llelo ha explicar o doutor. Jakov, podería polo menos apagar o cigarro? O doutor está a piques de chegar!

---

<sup>2</sup>N. do A. *Sabah hajrola* significa «Bo día» en turco.

